



**IES RIBEIRA DO LOURO**

Ribeira, s/n – Torneiros, 36410 O PORRIÑO  
Telf.: 986 33 39 56 – Fax: 986 33 37 84



UNIÓN EUROPEA

FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

## ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE ALUMNOS, ALUMNAS AO CONSELLO ESCOLAR

### CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 30 de setembro de 2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 29/09), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE ALUMNOS E ALUMNAS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **2 alumnos/alumnas**, dun total de catro que debe ter o Consello Escolar. Os outros dous representantes de alumnado continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2018.

2.- Son electores todos os alumnos e alumnas matriculados no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 15 de novembro.

3.- Son elixibles os alumnos e alumnas, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Centro. **As candidaturas poderán ser presentadas do 4 de novembro ata as 14:00 horas do citado día 16 de novembro.**

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre o alumnado que non se presente como candidatos/as, o día **17 de novembro, ás 11:00 horas**. Dita mesa electoral estará composta pola Directora do Centro, que actuará como Presidenta, e dous alumnos/alumnas, actuando de secretario/a o de menor idade.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o **18** ao 24 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición á presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES. **O día 23 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.**

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os alumnos/as matriculados no Centro, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores/as.

7.- As votacións realizaranse neste IES o **día 24 de novembro, Diurno (horario lectivo) e Nocturno (17:45 a 18:15 horas)** A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 8:00 horas.

8.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo **de un nome** dos candidatos presentados. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

9.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

10.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

O Porriño, 2 de novembro de 2021

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,



Asdo.: Juana Rosa Muñoz Ibernón